

	 <p><b>Amigos da Terra</b></p>	<p><b>CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS</b></p>	
--	---	---	--

**Amigos da Terra**  
Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense  
Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020  
e-mail: info@amigosdaterra.net

## Sentir, Coñecer, Actuar

Este programa entronca con tres eixos definitorios que aplicamos, como filosofía base, no desenvolvemento das actividades e proxectos de As Corcerizas: Sentir, Coñecer e Actuar

**Sinte** o teu entorno multisensorial

**Coñece** os seus beneficios e as repercusións das nosas actuacións

**Actúa** de xeito cooperativo para a súa conservación

O programa consiste no desenvolvemento de **xornadas temáticas sobre diferentes eidos do medio ambiente**. Os/as participantes valorarán, aplicarán e experimentarán “in situ” as diferentes alternativas dispoñibles cara a consecución de sociedades sostibles.

Alternativas para afrontar o **Cambio Climático** (enerxías, bioconstrución, residuos)

Coñecemento do **Medio Natural** e **Etnografía** da Serra Ourenzá

### **Obxectivos didácticos das xornadas**

- Descubrir, coñecer e comprender as interaccións entre humanidade e medio baseadas nos principios de sostibilidade.
- Chegar a tomar conciencia da importancia do medio ambiente nas vidas cotiás e valorar a transcendencia da mellora do entorno para mellorar a calidade de vida.
- Observar distintas formas de relacións e aproveitamento dos recursos naturais.
- Sensibilizarnos de xeito comprometido.



## CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS

**Amigos da Terra**  
Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense  
Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020  
e-mail: info@amigosdaterra.net

### Alternativas para afrontar o Cambio Climático

Ao longo da xornada os/as participantes comprenderán os problemas que se derivan do **cambio climático**, á vez que coñecen as alternativas para vivir dun xeito máis **sostible** sen renunciar aos niveis de benestar acadados ata o de agora.

**Destinatarios / as:** a partir de 5º de Primaria

Expóñense tres enfoques para a consecución dos obxectivos desde diferentes temáticas que inciden na problemática do cambio climático. **En cada xornada tratarase o tema, dun xeito máis amplo, dende un destes enfoques:**

1. Enerxías Renovables
2. Bioconstrución e Arquitectura Bioclimática
3. Xestión e Tratamento alternativo de residuos

#### **1. Enerxías renovables**

Ao longo das xornadas traballarase cómo a xeración desmedida de enerxía inflúe negativamente sobre o clima e as distintas alternativas existentes para evitalo. Despois dunha posta en común sobre o que son, principios básicos, vantaxes e desvantaxes das enerxías renovables fronte ás convencionais, comprobarán o funcionamento, viabilidade e análise das consecuencias do uso das distintas enerxías alternativas que autoabastecen o Centro de As Corcerizas: microturbina, placas solares térmicas e fotovoltaicas, aeroxerador, caldeiras de biomasa, instalación de almacenamento e distribución de enerxía. Nalgúns casos serán os/as propios/as participantes os/as que poderán pór en marcha mecanismos, comprobando a viabilidade das fontes alternativas que están xenerando a enerxía que aporta a electricidade e a calor da que se dispón nas instalacións.

As actividades levan asociadas unha serie de **obradoiros e xogos** en función das idades e número de participantes, que se postulan como o complemento ideal para acadar os obxectivos.

#### **Obxectivos**

- Dotar aos/ás participantes dos coñecementos básicos sobre o cambio climático, capacitándoos/as para relacionalo coa produción enerxética e os nosos hábitos cotiás.

	 <p><b>Amigos da Terra</b></p>	<p><b>CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS</b></p>	
--	---	---	--

**Amigos da Terra**  
Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense  
Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020  
e-mail: info@amigosdaterra.net

- Mostrar as diferencias e relacións entre cambio climático e efecto invernadoiro.
- Introducir ao/á alumno/a no eido das enerxías renovables: conceptos básicos e tipos.
- Achegar información sobre as vantaxes e desvantaxes das enerxías alternativas e demostrar as súas potencialidades.
- Conseguir que os/as participantes comprendan a necesidade dun desenvolvemento sostible.

## **2. Bioconstrución e Arquitectura Bioclimática**

As nosas casas son elementos didácticos de primeira orde para o estudo do moitas veces descoñecido impacto ambiental da nosa vida cotiá. As Corcerizas foi concebido como un equipamento que fose en sí mesmo un recurso educativo para o estudo das posibilidades de vivir sen contaminar.

Nesta xornada as/os participantes descubrirán a utilidade de coñecer os criterios e técnicas utilizados en Bioconstrución e na Arquitectura Bioclimática, e as vantaxes da súa aplicación na vida real. Coñecerán novos materiais non contaminantes nin tóxicos, valorando a posibilidade de empregar outros reutilizables e reciclables, mantendo o respecto pola cultura popular.

### **Obxectivos**

- Capacitar aos/ás participantes para analizar as diferencias de criterios e materiais entre unha casa sana e unha convencional.
- Dotar aos/ás alumnos/as dos coñecementos básicos para comprender a necesidade da xestión integral dos procesos.
- Demostrar a viabilidade dos contidos expostos.

## **3. Xestión e Tratamento Alternativo de Residuos**

O exceso actual na xeración de residuos fai cada vez máis difícil a súa xestión. A través dunha serie de actividades e obradoiros, as/os participantes empezarán a assimilar conceptos como o de Consumo Responsable e Prevención de residuos.

	 <p><b>Amigos da Terra</b></p>	<p><b>CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS</b></p>	
--	---	---	--

**Amigos da Terra**  
Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense  
Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020  
e-mail: info@amigosdaterra.net

Comprobarán “in situ” o tratamento alternativo que se lle da aos residuos sólidos a través da compostaxe e a vermicompostaxe, coñecendo as vantaxes e inconvenientes das diferentes técnicas. Tamén comprenderán o tratamento alternativo que se lle da ás augas residuais do Centro, xa que son depuradas nunha balsa de plantas acuáticas flotantes.

### **Obxectivos**

- Dotar aos/ás participantes dos coñecementos básicos sobre a problemática actual de xeneración excesiva de residuos, capacitándoos para relacionala cos nosos hábitos cotiás.
- Achegar ao/á alumno/a aos conceptos de Consumo Responsable e Prevención de residuos.
- Mostrar as alternativas existentes para unha xestión racional dos residuos: compostaxe, vermicompostaxe e depuración biolóxica das augas residuais.

### **Coñecemento do Medio Natural e Etnografía da Serra Ourenzá**

A Serra de San Mamede resulta un enclave natural excepcional para coñecer a natureza e os recursos do singular L.I.C. Macizo Central Ourenzá. A ubicación do Centro e a súa proximidade con varios pobos típicos da montaña galega e outros elementos patrimoniais singulares, brindaranos a oportunidade de visitar, acompañados moitas veces polos seus actuais ou pasados poboadores/as, muíños de auga, fornos comunais ou pobos abandonados, descubrindo os oficios, arquitectura tradicional, lendas e tradicións a día de hoxe vixentes.

**Destinatarios/as:** a partir de 1º da E.S.O.

**Ruta As Corcerizas-Pobo de Rebordechao:** o descenso ata Rebordechao discurre entre pastos, carballeiras, e os imponentes cumios da Serra de San Mamede. Unha vez no pobo, os/as escolares, guiados/as nalgúns casos polos/as propios/as habitantes, poderán coñecer o funcionamento da forxa, o muíño, as colmeas tradicionais, cómo se cocía o pan e a utilidade dos fornos comunais. A ruta etnográfica continuará ata A Ermida, onde coñecerán as “palleiras”, construcións destinadas a acoller o gando nos duros días de inverno.

	 <b>Amigos da Terra</b>	<b>CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS</b>	
--	---	--	--

**Amigos da Terra**  
Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense  
Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020  
e-mail: info@amigosdaterra.net

### **Obxectivos**

- Dar a coñecer e revalorizar o patrimonio da Serra de San Mamede.
- Fomentar a conservación e o respecto polo patrimonio como un ben ambiental, social e económico.
- Iniciar ao/á alumno/a no coñecemento multidisciplinar do entorno e da problemática asociada.
- Que os/as participantes comprendan o concepto e recoñezan un proceso de antropización do medio.